

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C1-B-I-22

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre aquelas cousas que nos definen. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

Cousas que nos definen



O noso comportamento nas actividades diarias e as cousas que máis nos gustan indican a nosa maneira de ser.

Unha delas é a forma de facer a compra. Hai quen colle os produtos sen fixarse e hai quen le as etiquetas atentamente. Os primeiros confían no que compran e os segundos necesitan información.

Igualmente, a falta de puntualidade mostra o noso modo de ser. Hai persoas incapaces de saír da casa ou do traballo ata que todo está perfecto. Outras están demasiado ocupadas e élles imposible chegar a tempo. Algunhas viven no seu mundo e non son conscientes de que chegan tarde. E logo están as persoas ás que non lles importan as normas nin o tempo dos demais.

A forma de comer tamén expresa a nosa personalidade. As persoas que comen sen prása, saboreando cada bocado, están seguras de si mesmas, gústalles gozar da vida. As que comen rápido son persoas ocupadas, activas. Algunha xente organiza os alimentos por cores e tamaños, son persoas ordenadas e non lles gustan os imprevistos. Aos aventureiros gústalles probar alimentos e pratos novos, son persoas que non se aburren e que se arriscan. Os curiosos necesitan sabelo todo sobre o que van comer. Comer coa boca aberta e facendo ruído indica persoas despreocupadas, sinceras, directas, ás que non lles importa o que pensan os demais delas.

Así mesmo, as cores que nos gustan din como somos. Os tons fríos (azul, verde claro, branco) gústanlles ás persoas que son pacíficas, ordenadas e pacientes. Os tons cálidos (vermello, laranxa, amarelo) úsanos as persoas enérxicas e alegres. O marrón, o negro e o gris son as cores preferidas da xente con tendencia a vivir no seu mundo interior. O negro tamén é a cor da xente elegante.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle á persoa candidata a estrutura da proba e acomodala. As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como está? ■ Como se chama? ■ A que se dedica? 	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico da persoa candidata relacionada co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? ■ Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o documento. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Que actividades poden indicar a nosa maneira de ser? ■ Como son as persoas segundo a súa forma de facer a compra? ■ Como son as persoas que chegan tarde? ■ Que mostra a forma de comer sobre a maneira de ser das persoas? ■ Como son as persoas segundo as cores que escollen? 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBENADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Cales son as súas cores favoritas?
 - De que cor merca normalmente a roupa? E de cal non? Por que?
 - Ten en conta a moda ao escoller as cores?
 - Que cores lle gustan para a casa? E para o coche? Por que?
 - No seu caso e de acordo co que di o texto, coinciden as cores que lle gustan coa súa maneira de ser? Por que?
- (Se procede)
- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Cal é a súa comida favorita? E a que menos lle gusta? Por que?
 - Gústalle probar pratos novos? Por que?
 - Vostede come rápido ou lentamente? Cre que iso ten que ver co seu modo de ser?
 - Moléstalle cando alguén fai ruído ao comer? Que fai nesas situacións?
- (Se procede)
- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Habitualmente, é vostede puntual ou chega tarde? Por que?
- Moléstalle ter que esperar cando queda con alguén? Por que?
- Considera que é unha falta de respecto facer esperar a xente? Por que?
- Algunha xente di que é incapaz de ser puntual. Que opina vostede diso?
- Algunha vez se enfadou porque tivo que esperar e marchou? Como se sentiu?
(Se procede)
- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

